

ID#563

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

Informantes: Eduardo (canto e pandeireta, 70) e Manuel (gaita, 52)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcrición: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Carmela berrou con Chinto
na Carballeira d'abaixo
porque lle quitou un toxo
que levaba no refaixo.

Hai qu' afillala
ã navalla de Pepe
non cortã nãdã,
corta bastante,
ten coidado, morena
co viaxante.

Carmela berrou con Chinto

...

Un can que viña da Cruña
do teu diñeiro Carmela.

Hai que afillala...

Toca, ghãiteiriño, toca
queira Dios por moitos anos
prã que non nos digan mal-e
os ghãiteiros de Neaño.

“Dame, Carmiña,
un bico pequeno”
“Non cho dou Farruquiño
teño che medo,
xa non te quero.”
“dáme Carmiña, Carmela,
un bico pequeno.”

Carmela berrou...

Árdell' o eixo
árdell' o carro,
árdell' o eixo, meniño
bótalle barro.
Que io vin eu-e
Árdell' o eixo, meniña,
árdell' o benë.

ID#563



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

/: Eu e maila miña moza:/
regho abaixo, regho arriba,
lévame unha...

Árdelle o eixe...

Ai, eu caseime cunha nena
ai, porque cantaba moi bem-he
ai, aghora morro de fame
/: o cantar non me mantén-he :/

Eu teño un canciño,
moi bon abofé,
que bail' ò maneo
na punta do pé
nas patas d'tras
e toc' às ferriñas
charracaschas chas.

Ai, eu caseime cunha nena
ai, porque cantaba moi bem-he
ai, aghora morro de fame
/: o cantar non me mantén-he :/
Ai la la...

Amoriños collín
na beiriña do mar
amoriños collín
non os podo olvidar.
Amoriños collín
na beiriña do mar

/: Ai, pasei pola túa porta :/
pedinche aghua non ma deches
/: ai cando pases pola niña
farei como ti fixeche :/

Eu teño un canciño...

Atraca el chichorro
y vuelve a atracar,
estamos complidos,
queremos marchar.

ID#563



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Veño do lugar de Tella
de ver unha telleana
que me entrou no corazón
eu tamén roubeill' alma

... corre a velo
con muita ghaita e ghaitiña
do ghaiteiro de Neaño.

Todos somos de la Coruña,
todos somos de por alá,
todos somos mariñeiriños,
todos sabemos naveghar.

/: Porque teño a barba branca
valghame Dios qu' harmosura! :/
de vello volverme mozo
e de mozo criatura.

Arrabeas pola peneira,
arrabeas por peneirar,
arrabeas por ter amores
arrabeas por te casar.

/: Somentei o “ben che quero”
non areal de Muxía :/
somentei o “ben che quero”
collín o “mal che quería”

Arrabeas pola peneira...